



MANIFESTO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

25 DE NOVIEMBRE DE 2025

O 25 de novembro conmemórase o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, unha data de denuncia, reflexión e compromiso fronte a unha das máis graves vulneracións dos dereitos humanos. A pesar dos avances legislativos e sociais alcanzados, millóns de mulleres en España, do mesmo xeito ca no resto do mundo, continúan sufrindo violencias de xénero nas súas diversas manifestacións. Segundo a Macroenquisa de violencia contra a muller 2019, un 11 % das mulleres residentes en España –máis de dous millóns– sufriu violencia física por parte dunha parella ou exparella, e un 40,4 % –máis de oito millóns– foi vítima de acoso sexual ao longo da súa vida. Estas cifras evidencian a magnitude e a persistencia dunha realidade estrutural que interpela o conxunto da sociedade e que require unha resposta firme, coordinada e sostida no tempo, con base científica e con criterios técnicos e persoal experto. Neste contexto, preocupa especialmente a crecente visibilidade de sectores sociais que cuestionan os avances en prol da igualdade e a difusión de discursos negacionistas promovidos por algúns sectores políticos que cuestionan a existencia mesma das violencias de xénero.

Segundo o informe Mocidade en España 2024, obsérvase un preocupante descenso no apoio ao feminismo e á igualdade de xénero entre a poboación nova (15-29 anos). A percepción da violencia de xénero como un dos problemas sociais máis relevantes tamén experimentou un descenso significativo entre a mocidade. Este retroceso evidencia o impacto dos discursos negacionistas, carentes de todo rigor científico. Por conseguinte, resulta imperativo fortalecer a educación na igualdade de xénero, a non discriminación en todas as súas formas, os dereitos humanos e o pensamento crítico, e impulsar a transferencia dos contidos das investigacións académicas rigorosas realizadas con perspectiva de xénero nas nosas universidades. Resulta necesario, así mesmo, avanzar na integración da perspectiva interseccional, a cal, segundo a normativa universitaria vixente, é esencial, xunto ao enfoque de xénero, para construír

unha sociedade e, polo tanto, unha comunidade universitaria verdadeiramente igualitaria, inclusiva, diversa, segura e coidadosa con todas as persoas. Esta aproximación permite recoñecer a diversidade de experiencias e actuar contra as violencias e discriminacións interrelacionadas que sofren as mulleres pola súa cor de pel, relixión, procedencia, orientación sexual e expresión de xénero, idade, clase, discapacidade ou outras condicións ou características persoais.

Neste contexto, as unidades de igualdade tamén vemos con preocupación como as violencias dixitais se expandiron e normalizaron entre a mocidade universitaria. Estamos ante un momento de transformación social moi profunda, cunha irrupción e mal uso da tecnoloxía nalgúns casos, que fixo aflorar as mesmas violencias sistémicas existentes na sociedade, pero desde hai un tempo, dentro do mundo dixital. O anonimato e a falta de desconexión temporal (as violencias poden producirse ao longo das 24 horas do día, repetidamente), provocan unha violencia extrema cara ás persoas que sofren este tipo de agresións sexistas.

Este ano, en que conmemoramos o 30.^o aniversario da Plataforma de Beijing –un fito fundamental para o feminismo na loita polos dereitos das mulleres e nenas, a esixencia de igualdade de xénero e o equilibrio das estruturas de poder mundialmente– as unidades de igualdade da RUIGEU consolídanse como estruturas básicas da LOSU. O seu labor é esencial para a sensibilización, prevención, formación e incorporación transversal da igualdade no desenvolvemento das políticas universitarias. Precisamente por isto, consideramos absolutamente inadmisíble que, a día de hoxe, aínda existan unidades de igualdade que non reciban os fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero transferidos ás comunidades autónomas. Non se pode permitir que a resposta institucional ante unha vulneración tan grave dos dereitos humanos se vexa paralizada ou minguada polo negacionismo político. Fronte á violencia, nin un paso atrás.

As universidades abaixo asinantes forman parte da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria.

Universitat d'Alacant Universidad de Alcalá Universidad de Almería Universitat Autònoma de Barcelona Universidad Autónoma de Madrid Universitat de Barcelona Universidad de Burgos Universidad de Cádiz Universidad de Cantabria Universidad Carlos III de Madrid Universidad de Castilla-La Mancha Universidad Complutense de Madrid Universidad de Córdoba Universidade da Coruña Universidad de Deusto/ Deustuko Unibertsitatea Universidad de Extremadura Universitat de Girona Universidad de Granada Universidad de Huelva Universitat de les Illes Balears Universidad Internacional de Andalucía Universitat Internacional de Catalunya Universidad de Jaén Universitat Jaume I de Castellón Universidad de La Laguna Universidad de La Rioja Universidad de Las Palmas de Gran Canaria Universidad de León Universitat de Lleida	Universidad de Málaga Universidad Miguel Hernández de Elche Universidad de Mondragón/ Mondragon Unibertsitatea Universidad de Murcia Universidad Nacional de Educación a Distancia Universitat Oberta de Catalunya Universidad de Oviedo Universidad Pablo de Olavide Universidad del País Vasco/ Euskal Herriko Unibertsitatea Universidad Politécnica de Cartagena Universitat Politècnica de Catalunya Universidad Politécnica de Madrid Universitat Politècnica de València Universitat Pompeu Fabra Universidad Pública de Navarra Universitat Ramon Llull Universidad Rey Juan Carlos Universitat Rovira i Virgili Universidad de Salamanca Universidade de Santiago de Compostela Universidad de Sevilla Universitat de València Universidad de Valladolid Universitat de Vic- Universitat Central de Catalunya Universidade de Vigo Universidad de Zaragoza
---	--